

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a axuda concedida pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024, pola que se concede a este concello unha subvención por importe 77.081,55 € equivalente a un 100,00 % do investimento en obraa e honorarios, para execución do proxecto de OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE XIMNASIO NO INTERIOR DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE A CAÑIZA” (Expte. 2024022271).

Vista a providencia de incoación de expediente de contratación nº 770/2024 do contrato de obra de “ACONDICIONAMENTO DE XIMNASIO NO INTERIOR DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE A CAÑIZA” de data 24 de abril de 2024.

Visto o Proxecto Técnico denominado “OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO DE GIMNASIO EN EL INTERIOR DEL PABELLÓN DE DEPORTES DE A CAÑIZA” redactado polo Arquitecto Pedro González Souto, cun orzamento de execución por contrata de 68.460,30 euros, o cal foi aprobado por Resolución da Alcaldía 2024-0343 de data 24 de abril de 2024.

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares que como lei fundamental do contrato rexerá na súa contratación e demais documentos incorporados ao expediente.

Visto o informe emitido pola secretaría municipal de data 3 de maio de 2024 e o de intervención incorporado ao expediente o 4 de maio de 2024, así como RC de 30 de abril de 2024.

Considerando todo o anterior e as competencias atribuídas pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 **RESOLVO:**

Primeiro: Declarar válida a presente licitación.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación nº 770/2024 do contrato de obras de ACONDICIONAMENTO DE XIMNASIO NO INTERIOR DO PAVILLÓN DE DEPORTES DE A CAÑIZA, incluído o P.C.A.P, que como lei fundamental rexerá nesta contratación e demais documentación incorporada ao expediente, decretando a tramitación ordinaria e a adjudicación polo procedemento aberto simplificado, tal e como consta na documentación preparatoria.

Terceiro: Aprobar un gasto por importe de 68.460,30 € con cargo á aplicación orzamentaria 2024.3420.61908.

Cuarto: Publicar anuncio de licitación en cumprimento do sinalado no artigo 159 da LCSP, para a presentación das proposicións por tódolos interesados, nun prazo de 20 días naturais dende a publicación.

Quinto: Nomear os seguintes membros da Mesa de contratación

Presidente: Sr. Alcalde ou concelleir/ao en quen delegue. Luis Antonio Gómez Piña

Vogais:

O/a Secretario/a do Concello. Inés Montero Ares

O/a Interventor/a do Concello. Jesús Cuadrado Olivar

Secretario/a da Mesa: a administrativa M<sup>a</sup> Angeles Rodríguez Varela



## Concello de A Cañiza

---

Respecto á Mesa de contratación, cumprirase o establecido no Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo.

Documento asinado electrónicamente por LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA, Alcalde do Concello de A Cañiza.

